

# Os reitores urxen coñecer que financiamento terán coa nova lei

AXENCIAS

SANTIAGO

■■■A Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), reunida en asemblea onte en Santiago, diríxese tanto ao Goberno central como ás comunidades autónomas para manifestar unanimemente “a urxencia de contar cun financiamento” para pór en marcha a nova Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU), aprobada hai case un ano.

Así o expresou a presidenta do CRUE e reitora da Universitat Jaume I, Eva Alcón, nunha comparecencia ante os medios para trasladar a postura común desta reunión celebrada no Centro de Estudos Avanzados da capital galega e na cal a LOSU e a súa aplicación efectiva a partir do curso 2024/25 foi o tema central.

“Para iso, é urxente que desde o Ministerio (de Ciencia e Universidades) e as comunidades

A PRESIDENTA DA CRUE RECOÑECEU QUE “A PREOCUPACIÓN É ALTA”, PORQUE XA SE ATOPAN “PLANIFICANDO” O PRÓXIMO CURSO

autónomas nos digan na maior brevidade posible co financiamento que imos contar para pola en marcha”, insistiu, xa que esta norma esixirá a creación de máis prazas de emprego e a incorporación de máis persoal.

Iso si, Alcón non concretou cantos fondos precisa o sistema universitario español. “No CRUE non podemos entrar na porcentaxe de financiamento”, dixo, porque o terán que definir o Goberno central e os autonómicos a través do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF).

A presidenta deste órgano que agrupa a 77 institucións académicas recoñeceu que “a preocupación é alta” en todas elas, porque xa se atopan “planificando” o próximo curso.

O Ministerio estima que a aprobación da LOSU establece a creación de máis de 4.000 novas prazas de profesores, a rebaixa da temporalidade a un máximo do 8% e o obxectivo de que, para o ano 2030, o financiamento das universidades públicas será o equivalente ao 1% do PIB español. ■